



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Bóveda conta con 91 km², a súa poboación é de 1414 habitantes no ano 2023, segundo datos do INE, e concéntrase sobre todo en 2 localidades, Bóveda e Rubián, aínda que conta con máis parroquias.

Dende hai décadas a súa poboación foi asistida por 2 facultativos e 2 enfermeiras en Atención Primaria. Eventualidades políticas conduciron á separación en 2 equipos un para bóveda e outro par un neoconsultorio de Rubián. Hai anos disto porque outras eventualidades, desta volta administrativas, acabaron coa perda dunha enfermeira, de modo que a que había repartía o seu tempo entre o CS de Bóveda e o consultorio de Rubián. Quedando con 2 facultativos e un enfermeiro/a.

Dende hai un tempo o facultativo que asistía en Bóveda sofre unha situación de ILT que non foi cuberta, desprazándose o médico de Rubián unhas horas cada día ata esa localidade.

Co tempo pasou que este facultativo precisou cobertura e este feito provocou que houbera asistencia médica en Rubián, a localidade máis pequena, que contara con facultativo a xornada completa e a capitalidade do concello quedara con 0 cobertura de facultativos....A isto hai que sumar que o enfermeiro que traballaba neste concello se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desprazou por traslado a outro centro de saúde e que presumimos que será substituído con persoal eventual.

Temos pois neste Concello un perfecto resumo do que pasa na sanidade da provincia de Lugo e máis, do país en xeral... unha poboación que ten necesidade de asistencia sanitaria mais non conta con soporte sanitario na Atención Primaria.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta garantir a cobertura sanitaria primaria no concello de Bóveda dotándoo con persoal estable que poida atender suficientemente as necesidades sanitarias da poboación?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 05/12/2023 12:08:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 05/12/2023 12:08:13

